

Intervención - Clausura do Ano Castelao - Eva Vilaverde

Hoxe, diante desta casa, non estamos só a descubrir unha placa. Estamos a facer visible unha memoria viva. Estamos a dicir que aquí, neste lugar concreto de Pontevedra, Castelao viviu, pensou, creou e soñou Galiza.

Castelao non foi un visitante circunstancial nesta cidade. Pontevedra foi para el un espazo querido, un fogar intelectual e político, un lugar desde o que mirar o país con máis claridade. Aquí deixou pegada persoal, pero tamén deixou algo máis fondo: contribuíu a facer de Pontevedra unha cidade central nun tempo de grande esplendor cultural e político para Galiza.

Non é casual que Castelao escribise *Meu Pontevedra*. Nesas palabras e nese texto hai unha declaración de amor e tamén unha elección consciente. El mesmo recoñeceu que eses anos aquí foron dos mellores da súa vida e manifestouse pontevedrés por decisión propia. Pontevedra foi para Castelao unha cidade escollida, coa que mantivo vínculos fondísimos, culturais, políticos e humanos, que chegan ata hoxe a través do Museo de Pontevedra, da Coral Polifónica ou do propio Café Moderno, que forman parte da identidade da cidade.

Porque Castelao non estivo só. Ao seu redor houbo unha xeración de intelectuais, artistas e militantes que entenderon que a cultura e a política non eran camiños separados, senón dúas maneiras de servir ao mesmo proxecto: a dignificación do noso pobo. Pontevedra foi entón un espazo de creación, de pensamento e de compromiso, onde se imaxinaba Galiza como un país con voz propia e dereito a futuro.

Mais se hoxe lembramos a Castelao, non é só polo que foi, senón polo que segue a ser. Porque o seu pensamento político non pertence a un tempo pechado nin a unha vitrina. Está fondamente vixente.

Castelao falounos do orgullo de sermos galegas e galegos, sen complexos nin subordinación. Dun nacionalismo que non nace do desprezo a ninguén, senón do respecto: respecto polo dereito de autodeterminación dos pobos, pola igualdade entre todas as nacións, pola idea de que ningún pobo pode impoñerse sobre outro pola forza, pola ameaza ou pola dominación. Un Castelao que como vedes hoxe está máis vivo ca nunca!

Defendeu sempre ás clases populares, ás persoas comúns, ás que sufrían as inxustizas. Nos seus debuxos e nos seus textos hai un berro claro contra o racismo, contra os abusos do poder, contra quen utiliza a forza económica, política ou militar para someter a outros pobos e decidir sobre o seu destino. Castelao entendeu que non hai liberdade real sen xustiza, nin paz posible baseada na imposición.

E, talvez, unha das súas maiores leccións sexa a idea de que a política está en todo o que facemos. Que non é un exercicio neutro nin alleo á vida, senón unha ferramenta para cambiar o mundo, para mellorar a vida das persoas e para defender a dignidade fronte a calquera forma de abuso ou dominación.

Que esta placa non sexa só unha lembranza do pasado. Que sexa tamén un compromiso co presente e co futuro. Porque mentres haxa quen cre que outro mundo é posible, mentres haxa quen defenda a dignidade, a igualdade e a liberdade dos pobos, Castelao seguirá vivindo, tamén aquí, en Pontevedra.